# PROGRAMA

## ADAGIO KV 411 - W.A.MOZART

## VENT DE FOLIE- DIDIER DE FAVRE

## TICO TICO - A.ZEQUINHA

## EL PORCHE NEGRO- J. MEDAGLIA

O quinteto de ”**Crunia Ensemble**” xorde no seo do Conservatorio Profesional da Coruña e da Xove Orquestra Sinfónica de Galicia algo longo do ano 2015. Actualmente, esta agrupación de vento clásica intégrana María Tejeiro Ferreiro (frauta), Daniel Quinteiro Socías (óboe), Almudena Curros Varela (clarinete), Lucía Picón Pazos (trompa) e Esteban García Vidal (fagot). Porén, para este concerto, contarán coa colaboración de Jesús Romeo Mougán (trompa).

Na súa breve traxectoria, puideron acadar diversos éxitos que lles permitiron impulsar a súa carreira como instrumentistas de cámara. Entre eles destacan o premio do concurso Rockiebox e a participación en diversos eventos e concertos na Sede Afundación A Coruña. Asemade, recibiron recentemente o primeiro premio da categoría de vento madeira e o primeiro premio da categoría absoluta no I Concurso de Cámara do Conservatorio Superior de A Coruña, feito que lles brindou a oportunidade de interpretar as súas obras tanto na Academia de Belas Artes da Coruña como no teatro Rosalía de Castro.

Nos últimos meses, tiveron a ocasión de participar nun intercambio de música de cámara co Conservatorio Superior de Oviedo e de interpretar o seu programa no Conservatorio Profesional de Gijón. Recentemente foron tamén nomeados finalistas nos Premios da Excelencia Lexus, nos cales tiveron a oportunidade de compartir aulas con Inma Shara.

Alén disto, cabe destacar que a súa evolución e desenvolvemento non serían posíbeis sen os seus profesores, entre os que salientan Miquel Gil, Ramón Carnota, Luis Miguel Méndez, Joan Ibáñez, Iago Lariño, Alejandro Salgueiro, Benxamín Iglesias, etc.

# Club Financiero Atlántico



***Programa  inauguración "Crunia Ensemble"***

*Exposición Conjunta de Pintura*

## *"MENSAJES" El Surrealismo del POP ART*
## *de  More de la Cal*
## *y*
## *"DE MUSICA y DE CINE"*
## *de  Toñi Leo*

***día 4 de Octubre** a las **20:00 horas,** en el Salón de Actos*

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DA CORUÑA